

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE XUÑO DE 2023

Ás 11:20 horas do día 29 de xuño de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 26 de xuño de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 7 de xuño de 2023

Entrégase a acta da sesión do 7 de xuño de 2023 para os efectos da súa aprobación, segundo o previsto no artigo 18.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

A secretaria informa á Mesa que a acta do 7 de xuño de 2023 foi posta á sinatura dos asistentes á sesión, o día 16 de xuño de 2023, na plataforma de xestión de expedientes do Concello de Vigo, pola orde na que figuran na acta do 7 de xuño procedendo á súa sinatura por parte da secretaria e a presidenta da Mesa (o 16 de xuño de 2023), a titular da Asesoría Xurídica (o 19 de xuño de 2023) e a Interventora adxunta (vogal suplente do Interventor Xeral), a xefa do Servizo de Contratación e o técnico medio de Servizos Económicos (o 20 de xuño de 2023). Asemade, asinan a acta do 7 de xuño a xefa de Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o xefe de Servizo de Deportes e o xefe da Área de Benestar Social, os días 20 e 21 de xuño de 2023.

A xefa do Servizo de Festa emite voto particular e non asina nin rexeita a sinatura da acta do 7 de xuño, o que ocasiona, por motivos de carácter técnico da plataforma de xestión de expedientes, que os demais asistentes á Mesa do 7 de xuño non a poidan asinar. Estes participaban, na Mesa do día 7 de xuño, como asinantes da acta do día 1 de xuño de 2023 que iba á aprobación da Mesa do 7 xuño, no orde do día, e que a asinaran no seu momento (2 de xuño).

Finalmente, informa que na acta do 7 de xuño de 2023 recóllese a sinatura da xefa do Servizo de Festas ao documento "Oposición ao acordo de aprobación de acta de sesión 1 de xuño"



Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



Tendo en conta o anterior a Mesa aproba por unanimidade a acta da sesión do 7 de xuño de 2023.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6810-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12131-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.
 2. NORFORMACIÓN, S.L.
 3. RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a ASE PSIKÉ, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto deberá presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado, posto que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



no xa presentado non se cubriu o compromiso de adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F das FEC deste procedemento (Anexo I do PCAP)

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20" (1503-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. NAROM, S.L.
4. ORECO BALGON, S.A.
5. ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
7. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12131-224)

Retirada do orde do día por ter que requirir emenda da documentación administrativa a un dos licitadores presentados.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20" (1503-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1632-441)

Retirada do orde do día por non ter recibido a información pertinente da ferramenta MINERVA en base ao establecido na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1494-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial (Programa Next Generation EU), a enxeñeira industrial, o técnico medio en Topografía e o xefe administrativo e de control orzamentario o 26 de xuño de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, condutores-bomberos, cabos e sarxentos (6810-213)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" do único licitador admitido co seguinte resultado:

SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A.

1. Propón como prezo sen IVE do contrato o de 181.995,13 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0 euros, o que supón un prezo total do contrato de 181.995,13 euros.
2. Propón como experiencia do persoal a adscribir ao contrato superior á mínima esixida no punto 5F ("*Medios persoais a adscribir ao contrato*"):
 - a) Experiencia dos(as) instrutores(as)/formadores(as) principais:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Experiencia como Técnico/a Superior da Familia de Seguridade e Medio Ambiente (marcar unha das seguintes se é o caso):
 - Máis de dez (10) anos.X ➤ Experiencia como enxeñeiro/a técnico/a na
 - Experiencia como enxeñeiro/a técnico/a na rama de electricidade, industrial ou química con mais de dous (2) anos: SI
 - b) Experiencia dos(as) instrutores(as)/formadores(as) de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente.
 - Máis de cinco (5) anos.
3. Propón un incremento do número de instrutores(as)/formadores(as) principais na fase práctica da formación a maiores do mínimo esixido: SI

O licitador presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

- D^a Ana Belén Vila Falcón, en representación de SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A.

En aplicación dos criterios recollidos na cláusula 18.1.b) do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución do prezo ofertado	Experiencia do persoal a adscribir ao contrato superior á mínima esixida no apartado 5F destas FEC	Incremento do número de instrutores(as)/formadores(as) principais na fase práctica da formación a maiores do mínimo esixido
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A.	49 puntos	31 puntos	20 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6810-213):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

b) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1494-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.020.371,90 €
2	ORECO BALGON, S.A.	1.092.396,69 €
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	998.801,65 €

Asiste como público á apertura:

- D^a Rebeca Platero López de Turiso, en representación de Federación galega da construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a "Xestión e dinamización da Casa das Mulleres".

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración xeral e xefa do Servizo de Contratación o 4 de abril de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 3 de abril de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 78.139,60 € que inclúe un IVE (21%) de 13.561,42 €, para a contratación da "Xestión e dinamización da Casa das Mulleres", que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Dinamización Casa das Mulleres" 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 6.156,45 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 39.069,80 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 32.913,35 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025.

Primeiro.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de ALVALOP SERVICIOS XXI por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación")



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL	97,25

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 20 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 24 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 5 de xuño de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 9 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliada a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de ALVALOP SERVICIOS XXI por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación")*
2. *Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 36.300,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.300,00 euros.*
 - b) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores no mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP (6 meses) en 30 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigoo (11758-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo. (exp.11758-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 18/03/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa de Contratación con data 18/04/23.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 219.435,89 € €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (38.083,91 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.01.00.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigoo (11758-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	SASEGUR, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SASEGUR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SASEGUR, S.L., o día 16 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 22 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SASEGUR, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SASEGUR, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 12 de xuño de 2023 e e do acordo da Mesa de Contratación do 13 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliábeis a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SASEGUR, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 218.824,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.977,82 euros.*
- b) *Propón una bolsa de horas de 150 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



"Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas".

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 17 de abril de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 22 de marzo de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 63.957,52 € que inclúe un IVE (21%) de 11.100,06 €, para a contratación da "Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas", que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 5.039,08 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 31.978,76 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 26.939,68 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL	99,50

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 23 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 24 e o 29 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 5 de xuño de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 9 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación").*
2. *Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 31.978,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.550,03 euros.*
 - b) *O persoal a adscribir ao contrato (con categoría de técnica de Biblioteca) conta con 24,6 meses de experiencia (a maiores de 6 meses).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:10 horas, logo dun receso entre as 12:20 e as 14:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:30	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A34A-E6AF31-C2EFB9-FNTQK8-T3VLL9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		